

DÍA DO PEÓN

Manzaneda, día de San Martiño de 2014

O peón é un ludro ó que burlaban todos os mutilos, de cando eu era quezo, en todos os moros do moreno.

Constaba dun caleiro de madeira arreado pola punta, á que se cimbraba un pícolo. Despois, cunha lea, caxábaselle voltas e bocaesábase contra a chaira. Ficaba quen a calateara mellor e máis tempo.

Burlábase todo o claro. Polas claras cando un zafaba da escola e polos tardufos cando se andaba a batelozoco. E sempre polo San Martiño.

O que estades a escoitar é barallete, a lingua dos afiadores. Con ela comunicábanse entre eles, permitíndolles arranxar negocios e falar de asuntos do oficio, sen que o cliente ou o patrón puidese entendelos. Ás veces tamén o empregaban como elemento de burla ante ofensas que puideran xurdir.

Durante moitos séculos a xente case non renovaba as súas ferramentas cortantes, as súas navallas barbeiras, as tesoiras e demais artigos de coitelería, e precisaban dos servizos do popular afiador ambulante, que chega a todas partes portando a súa roda de afiar, e a técnica artesá na punta dos seus hábiles dedos. Avisando da súa presenza co seu chiflo.

Os peóns e as rodas de afiar teñen moito que ver, moito máis que o que a xente se pensa. Durante moito tempo os peóns e as rodas de afiar, dando voltas e voltas, foron algo cotián e necesario.

Non había aldea na que as súas nenas e nenos non souberan tirar o peón ou que por ela non pasara o seu afiador co seu melódico chiflar.

Coa chegada dos produtos de usar e tirar, das présas, do ultratecnolóxico, tanto a roda como o peón, parecían abocados a quedar esquecidos, cheos de pó, no faiado. Coa desaparición das rodas perdeuse un xeito de traballo, de valoración das cousas, de ver o mundo... dunha lingua. Co esquecemento do peón perdeuse unha porta a outros xogos, un xeito de relacionarse, de gozar do tempo de lecer.

Pero o mundo dá moitas voltas, tentando semellar un peón, tentando semellar unha roda de afiar... e retorna sempre ó punto de partida, tentando recuperar o útil do pasado.

Grazas á Asociación Cultural Ben Cho Sey recuperamos o significado dun oficio esquecido, cunha casa das Rodas, un selo de correos, un congreso internacional, unha longametraxe e... un avión co nome de "O afiador".

Grazas a asociacións como Brinquedia ou o Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo, descubrimos o xogo do peón como un xogo universal que grazas á lingua galega convertemos nun xogo noso. Descubrimos que un peón tamén é buxaina, bailarete, trompo, danzarina ou sevillana. Descubrimos o valor de xogar xuntos aprendendo os uns dos outros, os nenos das nenas, os novos dos vellos. Descubrimos que para pasalo ben non precisamos de moitos cartos ou de trebellos complexos... que para pasalo ben só precisamos dun cacho de pau, de amigas e amigos e ganas divertirse.

Reza o dito que "Polo San Martiño, peóns ó camiño", e así neste día de San Martiño de 2014 só me queda dicir:

Ollo, vista e ó peón!

Florencio de Arboiro, San Xoan de Río (Ourense)